

Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Consellería de Medio Rural
San Lázaro, s/n. 15781 – Santiago de
Compostela

D. Sergio París Gómez, en nome e representación da Sociedade Galega de Ornitoloxía, e en relación co “Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia”, sometido ó proceso de información pública regulado pola Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente, presenta as seguintes **ALEGACIONES, COMENTARIOS E SUXERENCIAS**:

Consideracións iniciais

Alegación 1

No apartado 1. *Introducción* exprésase o seguinte:

“De acordo coa DC 92/43/CEE, a articulación das medidas de xestión anteriores require a realización dun plan de xestión específico para os lugares da Rede Natura 2000, así como o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas, acordadas coas esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación, e especialmente as contempladas nos anexos das DC 92/43/CEE e da DC 2009/147/CE.”

Este parágrafo non define correctamente o marco legal vixente ao respecto. Esta interpretación errónea da DC 92/43/CEE repítese tamén no apartado 1.6 *Planificación e xestión, instrumentos existentes*.

O artigo 6, apartado 1 da nomeada DC 92/43/CEE expón que as medidas de conservación necesarias para os espazos incluídos na Rede “*implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan ás esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares*”.

É dicir, os estados poden elaborar plans de xestión, que se engaden ás demais categorías de medidas. Non se trata dun documento de obrigada redacción, senón unha ferramenta a engadir á xestión global dos espazos e que, de recorrerse a esta opción, deberá elaborarse tendo en conta

as características específicas de cada espazo e ás actividades nel prevista (Comisión Europea, 2000¹)

Así, e aínda tendo en conta que segundo a Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade si é preceptiva a redacción de plans de xestión, consideramos que este Plan Director non pode ser considerado como instrumento único de xestión da Rede Natura, senón unha ferramenta importante dentro dunha aposta por unha política de conservación moito mais ampla e definida. Neste contexto carece de sentido a afirmación “*este Plan cumpre a función pública do goberno do territorio para a organización racional e equilibrada da súa utilización e, en xeral, dos recursos naturais*”, incluída no apartado 2. *Obxectivos de conservación e Xestión*.

Apartado 2. Obxectivos de conservación e xestión

Alegación 2

Suxerimos a inclusión do seguinte obxectivo entre os obxectivos parciais:

7. Contribuír ao mantemento dos usos culturais xeradores de biodiversidade e necesarios para a conservación e o mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats seminaturais e das especies Rede Natura 2000.

Apartado 6. Aspectos socioeconómicos e territoriais

Alegación 3

A inclusión dunha síntese a nivel territorial de diferentes parámetros socioeconómicos non contribúe ao coñecemento e avaliación do entorno socioeconómico dos diferentes espazos incluídos na Rede galega.

Mentres que nos correspondentes apartados do plan apórtase información detallada referente, por exemplo, aos hábitats e especies presentes en cada espazo, os aspectos socioeconómicos preséntanse de maneira global. Non existe información sobre o contexto socioeconómico, usos e actividades existentes en cada lugar, coas dificultades que isto implica á hora de planificar unha xestión coherente e adaptada a estes lugares.

Apartado 7. Valoración da Rede Natura 2000

Alegación 4

¹ Comisión Europea, 2000. *Gestión de espacios Natura 2000. Disposiciones del artículo 6 de la Directiva 92/43/CEE sobre hábitats*. Luxemburgo: Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas.

A metodoloxía de valoración ambiental aplicada e definida neste apartado, se ben pode considerarse axeitada dende a perspectiva da avaliación do valor ambiental dos LIC en relación cos hábitats presentes, non se adapta ás particularidades das ZEPA, declaradas polo seu valor específico para a conservación das aves silvestres.

Solicitamos a aplicación dunha metodoloxía específica de valoración ambiental para as ZEPA galegas e en xeral dos espazos con presenza de poboacións de aves de interese para a conservación, que teña en conta as particularidades destes espazos con respecto aos LIC e avalíe de maneira axeitada o seu valor ambiental en relación ás poboacións de aves que albergan.

Apartado 8. Zonificación

Alegación 5

O Plan Director establece unha zonificación baseada en 3 categorías de protección: Zona 1 ou Área de protección, Zona 2 ou Área de Conservación e Área 3 ou Área de Uso Xeral.

Defínese a Área de Protección como aquela estruturada sobre *“territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación”*.

As zonas definidas como Áreas de Protección no conxunto da Rede ocupan un total de 102.339,9 ha (táboa 50, Apartado 8.3 do Plan Director). Sen embargo na táboa 39 (Apartado 7.2 do Plan Director) pode comprobarse que a superficie definida mediante criterios técnicos e científicos cun Valor de Conservación Moi Alto ascende a 129.681,59 ha. É dicir, existen mais de 27.000 ha de valor ambiental moi alto non definidas como Área de Protección sen que se aporte ningún tipo de xustificación técnica ou de outro tipo, nunha clara contradición cos propios criterios de zonificación establecidos no Plan Director.

Esta contradición confírmase na revisión da cartografía ambiental e de zonificación dos distintos espazos da Rede, en moitos dos cales as superficies continuas de áreas de valor ambiental moi alto non incluídos na Zona 1 é moi elevada. Tendo en conta este aspecto a diverxencia existente non pode ser xustificada por criterios de escala ou dificultade na xestión de superficies excesivamente pequenas (criterio que debería aplicarse en todo caso tendo en conta o principio de cautela).

Na revisión da zonificación dos diferentes espazos obsérvase tamén que unha ZEPA (A Limia) e 11 LIC (Costa de Dexo, Xubia-Castro, Río Tambre, Río Cabe, Pena Veidosa, Veiga de Ponteliñares, Pena Maseira, Río Lárez, Río Tea, Serra do Candán e Serra do Cando) non presentan ningún tipo de zonificación, definíndose o 100% da súa superficie como Área de Conservación.

Consideramos que ambos aspectos (falta de zonificación efectiva en moitos dos espazos e incoherencia entre zonificación e valoración ambiental) representan deficiencias relevantes dentro do contido do Plan Director, por relevar a falta de criterios técnicos e obxectivos na zonificación proposta e por implicar un risco na aplicación de medidas de xestión inapropiadas para o valor ambiental de mais de 27.000 ha da Rede Natura en Galicia.

Por todo isto, **solicitamos a modificación da zonificación dos espazos da Rede Natura 2000 en Galicia**, aplicando a consideración de Zona 1 a aquelas superficies con valor ambiental moi alto co obxecto de dar cumprimento aos propios criterios establecidos no Plan e así aplicar unha zonificación real, efectiva e adaptada ás particularidades e valores de cada LIC ou ZEPA.

No apéndice anexo a este documento preséntase un exemplo das incoherencias detectadas nunha serie de espazos analizados. Salientamos que non se trata dos únicos espazos nos que se identificou esta problemática, senón unha mostra presentada unicamente a modo de exemplo da situación detectada na xeralidade dos espazos da Rede.

Apartado 9. Medidas de xestión

No relativo ás directrices de xestión e normativa xeral e específica definida no Plan Director, realizamos as seguintes consideracións e/ou propostas de modificación do articulado citado a continuación.

Alegación 6

Solicitamos a seguinte redacción do penúltimo parágrafo do texto introdutorio deste apartado (páx. 107):

“Non obstante, existe outro tipo de actividades incluídas na presente normativa cuxa autorización, de acordo aos contidos do presente Plan, pasa a ser competencia da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, en base ás atribucións da mesma”.

9.1 Medidas e normativa xeral

4. Exclusión de actividades na Rede Natura 2000 (páx. 110)

Alegación 7

Solicitamos a inclusión no apartado 1.0 da prohibición da ampliación tanto temporal como espacial das actividades extractivas a ceo aberto preexistentes.

Alegación 8

Solicitamos a modificación do apartado 2.0 e a súa xeralización relativa á prohibición de novos aproveitamentos enerxéticos industriais, do tipo que sexan.

Alegación 9

Solicitamos a prohibición de aproveitamentos mineiros subterráneos cando provoquen a acumulación de estériles na área delimitada pola Rede Natura ou que poidan chegar escorrentías ou afectar aos recursos hídricos da zona.

Alegación 10

Solicitamos a consideración de uso prohibido a instalación de establecementos de acuicultura en zonas clasificadas como áreas de conservación ou protección. Estas instalacións implican a execución de actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario, polo que a súa autorización sería incoherente cos propios contidos do Plan Director. Estas instalacións están en clara contradición coa protección da paisaxe definida, por exemplo, entre os obxectivos do apartado 9.2.6 Urbanismo e Ordenación Territorial. A autorización específica destas instalacións en particular e non de outras de similares características non está xustificada e supón incluso unha grave incoherencia co tratamento dado a outro tipo de proxectos de elevado impacto paisaxístico, véxase por exemplo o expresado na directriz 3.0 9.2.7 Infraestruturas e obras.

A costa, como tal, é un espazo bioloxicamente especializado, sensible ós cambios e que ocupa un espazo limitado e restrinxido. Proxectos como os de acuicultura son instalables fora da primeira liña de costa e só precisan tubaxes para o intercambio de auga, o cal tecnicamente é factible. Non se pode aceptar que se transfiran á cidadanía os custes paisaxísticos, de ocupación do solo marítimo-terrestre e de libre tránsito, por unha minorización do lucros das empresas.

9.2 Medidas e normativa por compoñentes

Alegación 11

9.2.1.2 Xea

1. Obxectivos (páx. 114)

Suxerimos a seguinte redacción para o obxectivo 1.0:

*“1.0 Conservar os recursos da xea e **garantir** o seu aproveitamento sostible.”*

Alegación 12

9.2.1.2 Xea

2. Directrices (pax. 114)

Suxerimos a seguinte redacción para a seguinte directriz:

“1.0 Velarase por manter as características **biolóxicas**, químicas, estruturais e de textura dos solos, das que depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.”

Alegación 13

9.2.1.2 Xea

2. Directrices (pax. 114)

Suxerimos a seguinte redacción para a seguinte directriz:

“2.0 Tenderase a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, no seu caso, plantacións forestais **con especies autóctonas**. **Nestes terreos non se permitirán as plantacións forestais con destino a corta.**”

Alegación 14

9.2.1.5 Auga e recursos mariños

2. Directrices (pax. 117)

Suxerimos a seguinte redacción do punto 7.0:

“Os argazos depositados nas praias de area e coídos configuran o hábitat de interese comunitario Nat-2000 1210. Por iso, **regularase** o seu aproveitamento ou a súa retirada como parte dos labores de limpeza que se realizan en moitas praias, co fin de evitar a súa mingua ou desaparición dentro do espazo natural”.

Alegación 15

9.2.2.1 Paisaxe

2. Directrices (pax. 118)

Solicitamos a inclusión na directriz 2.0 dalgunha matización respecto da restauración de espazos degradados pola actividade humana pero xa total ou parcialmente naturalizados, nos que se deberá ter en conta a existencia de especies asentadas na zona, en especial flora, anfibios, aves ou invertebrados asociados a medios húmidos.

Alegación 16

9.2.2.2 Hábitats

2. Directrices (pax. 119)

Solicitamos que se definan e relacionen os hábitats de maior fragilidade ecolóxica ou con escasa representación territorial no ámbito do espazo natural ou no conxunto da Rede Natura 2000 en Galicia co obxecto de dotar dun contido real e específico ao punto 2.0.

Alegación 17

9.2.2.2.1 Hábitats mariños

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación (pax. 121)

Solicitamos a inclusión da eliminación de recheos, obstáculos á circulación de correntes e especies alóctonas.

Alegación 18

9.2.2.2.4 Humidais continentais

3. Obxectivos de conservación (pax. 132)

Suxerimos a seguinte redacción para o obxectivo 2.0:

*“Manter a integridade e conservar a funcionalidade de ecosistemas húmidos que proporcionan o medio acuático vital para a reprodución **da flora e fauna que contén**”.*

Alegación 19

9.2.2.2.4 Humidais continentais

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación (pax. 133)

Suxerimos a inclusión dos seguintes puntos:

- *A promoción da xestión sostible mediante o uso de gando e/ou aproveitamentos tradicionais que contribúen ao mantemento dos hábitats e vexetación palustre.*
- *Realización de actuacións para evitar a colmatación dos humidais continentais de augas quedas e que sexan respectuosas coa súa conservación e a das especies de flora e fauna que conteñen.*

Alegación 20

9.2.2.2.6 Bosques

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario (pax. 140)

Consideramos que as actividades e aproveitamentos tradicionais dos soutos non só non supoñen unha afección significativa sobre estes hábitats de interese comunitario, senón que contribúen á súa conservación, polo que solicitamos que este punto sexa incluído no apartado 4 “Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación” e a súa promoción co obxecto de garantir a conservación destas formacións e facilitar o desenvolvemento sostible das poboacións no ámbito da Rede.

Alegación 21

9.2.2.2.7 Agrosistemas tradicionais

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario (pax 143)

Ao igual que no caso anterior, consideramos que as actividades tradicionais de uso agrícola e gandeiro son actividades susceptibles de xerar un estado de conservación favorable, polo que solicitamos a súa inclusión no apartado 4 e a súa promoción dentro da Rede.

Alegación 22

9.2.2.3.5. Aves

3. Obxectivos de conservación (pax. 158)

Suxerimos a seguinte redacción para o obxectivo 3.0:

*“3.0 Establecer medidas de conservación con respecto ás especies migratorias de aves con chegada regular ao territorio galego, tendo en conta as necesidades de protección na zona xeográfica marítima e terrestre no relativo ás súas áreas de reprodución, de muda, **de alimentación, de paso migratorio activo** e de invernada e ás zonas de descanso nas súas áreas de migración **e aos seus corredores migratorios**, prestando especial importancia ás zonas húmidas.”*

Alegación 23

9.2.2.3.5. Aves

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación (pax 158)

Solicitamos a inclusión neste punto de:

5.0 Parques eólicos.

Alegación 24

9.2.3 Usos marisqueiros e pesqueiros

2. Directrices (pax. 162)

Solicitamos a inclusión das seguintes directrices:

- *Regularase a eliminación das artes de pesca con incidencia contrastada na mortalidade de aves mariñas.*
- *Regularase o uso recreativo e deportivo (incluíndo a pesca deportiva) naqueles casos nos que a existencia dunha carga excesiva de embarcacións puidera interaccionar negativamente coas poboacións de especies de aves mariñas de interese para a conservación.*

Alegación 25

9.2.3 Usos marisqueiros e pesqueiros

2. Directrices (pax. 162)

Solicitamos a seguinte redacción para a directriz 5.0:

“5.0 Prohibirase a instalación de plantas de acuicultura, pola súa grave afección ecolóxica e paisaxística sobre o litoral protexido, e promoverase a retirada das xa existentes nos espazos incluídos na Rede Natura 2000.”

Alegación 26

9.2.4 Usos agropecuarios

3. Normativa xeral (pax. 164)

Consideramos que as concentracións parcelarias, entre cuxos obxectivos atópase a intensificación da produción agraria, son contrarios ao concepto de uso tradicional, polo que solicitamos a prohibición da execución de novos proxectos de concentración no interior dos espazos Rede Natura 2000.

Alegación 27

9.2.4 Usos forestais

2. Directrices (pax. 165)

Suxerimos a seguinte redacción do punto 2.3:

*“Fomentarase o mantemento das explotacións forestais tradicionais **con especies autóctonas** mediante a sinatura de acordos...”*

Alegación 28

9.2.4 Usos forestais

2. Directrices (pax. 165)

Solicitamos a inclusión dunha directriz relativa á regulación dos aproveitamentos silvícolas en función da época do ano e a súa posible interacción con períodos críticos no ciclo vital das aves e outras especies presentes na masa forestal (nomeadamente, durante o período de reprodución)

Alegación 29

9.2.4 Usos forestais

2. Directrices (pax. 165)

Solicitamos a inclusión dunha directriz relativa á promoción de actuacións de substitución de especies forestais alóctonas por especies autóctonas.

Alegación 30

9.2.4 Usos forestais

3. Normativa xeral (pax. 166)

Solicitamos a consideración de usos prohibidos para os seguintes:

- *Plantacións forestais de calquera tipo sobre calquera superficie non ocupada na actualidade por formacións forestais, especialmente naquelas superficies ocupadas por calquera tipo de hábitat de interese comunitario ou prioritario.*
- *A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas en todo caso. A consideración deste uso como permitido no caso de figurar nos proxectos de ordenación de montes é absolutamente contraria á prevalencia dos plans de xestión ambiental sobre outras normativas sectoriais prevista en múltiples disposicións legais autonómicas e estatais (Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Ley 42/2007 del Patrimonio Natural y la Biodiversidad)*

Alegación 31

9.2.4 Usos forestais

3. Normativa xeral (pax. 166)

Solicitamos a eliminación dos puntos 7.0 e 8.0 e a consideración de usos prohibidos en todo caso os neles incluídos. Resulta sorprendente a consideración como autorizable da afección e incluso destrución dentro da propia Rede de Hábitats Prioritarios, incluso co recoñecemento explícito de obxectivos puramente produtivos e económicos. Faise evidente a absoluta discrepancia destes apartados coas disposicións do artigo 6 da DC 92/43/CEE.

Alegación 32

9.2.8 Uso público e actividades deportivas

No referente á actividade cinexética na Rede Natura 2000, queremos salientar que segundo o artigo 9 da Lei 4/1997 de caza de Galicia “os terreos cinexéticos incluídos en espazos naturais protexidos perderán a súa condición e pasarán a ser refuxios de fauna, salvo que a propia declaración ou o plan de ordenación dos recursos naturais correspondente indique outra cousa”, estando a caza permanentemente prohibida nestas áreas (artigo 12). Nesta situación, a existencia actual de TECORes, e por extensión a práctica cinexética na Rede Natura galega podería interpretarse como contraria ao marco legal vixente.

Alegación 33

9.2.8 Uso público e actividades deportivas

Consideramos que o uso público deportivo e recreativo pode ser permitido en termos xerais, pero sempre a través dunha regulación da carga en función da capacidade de acollida de cada espazo, polo que solicitamos a incorporación dunha directriz neste sentido.

Alegación 34

9.2.8 Uso público e actividades deportivas

3. Normativa xeral (pax. 174)

Solicitamos a eliminación do punto 7.0 relativo á reintrodución de especies (incluso especies alóctonas) con fines puramente cinexéticos ou de pesca deportiva. Consideramos que unicamente deben ser consideradas como autorizables aquelas reintroducións de especies autóctonas nun estado de conservación desfavorable e baixo criterios unicamente técnicos e científicos, cun obxectivo de conservación.

Alegación 35

9.2.8 Uso público e actividades deportivas

3. Normativa xeral (pax. 174)

Solicitamos a eliminación do punto 8.0 relativo á autorización de control de predadores por motivos exclusivamente de xestión cinexética.

Alegación 36

9.2.8 Uso público e actividades deportivas

3. Normativa xeral (pax. 174)

Solicitamos a modificación do punto terceiro do apartado 9.0 (referido aos usos prohibidos na Rede) e a súa separación nos dous seguintes:

- *Aqueles usos recreativos ou deportivos que sexan incompatibles coa actividade cinexética e de pesca fluvial, que alteren a tranquilidade das poboacións de caza e pesca fluvial, sobre todo en épocas críticas para o refuxio, a reprodución ou a cría.*
- *Aqueles usos recreativos ou deportivos que alteren a tranquilidade das poboacións de fauna protexida, sobre todo en épocas críticas para o refuxio, a reprodución, a muda, a invernada ou a migración, ou que xeren afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das especies de interese para a conservación.*

Alegación 37

9.2.9 Compoñentes culturais

3. Directrices (pax. 175)

Solicitamos a inclusión dunha directriz relativa á introdución de consideracións ambientais e de conservación da biodiversidade nas obras e proxectos de restauración ou mantemento do patrimonio arquitectónico.

9.3 Normativa Zonal

Alegación 38

Consideramos erróneo o establecemento dunha normativa conxunta para as tres tipoloxías de clasificación dentro dunhas supostas medidas de xestión zonais.

Presentar unha suposta normativa zonal con medidas globais para todas as zonas no referente a Infraestruturas e obras, así como no referente ao uso público, supón agochar a inexistencia dunha auténtica normativa zonal, tratando todas as áreas por igual con independencia do seu valor de conservación.

Solicitamos polo tanto a elaboración dunha verdadeira normativa zonal no relativo a infraestruturas e obras, uso público e actividades deportivas adaptada ás características de cada unha das zonas e ao seu estado e valor de conservación.

Alegación 39

Zona 1 – Área de Protección (pax. 177)

Na Zona 1 defínense como usos permitidos aqueles “usos tradicionais compatibles”. Como se indicou na Alegación 3, o documento non achega información de detalle respecto aos sectores produtivos, usos, actividades, etc existentes nos LIC e ZEPA galegos.

Desta maneira, a simple consideración xenérica de “usos tradicionais” carece de contido senón se definen cales son eses usos tradicionais en cada un dos espazos da rede galega. Nesta situación o Plan Director non permitirá variar a situación actual de indefinición sobre cales son os usos e actividades permitidos en cada espazo.

Solicitamos a inclusión dunha definición detallada de “usos tradicionais compatibles”, no relativo á súa natureza, duración, xustificación do carácter tradicional, capacidade de carga do medio.

Alegación 40

Zona 1 – Área de Protección (pax. 177)

En relación coa alegación anterior, solicitamos que se estuden e definan os usos e actividades tradicionalmente realizados en cada un dos LIC e ZEPA existentes en Galicia.

Alegación 41

Zona 1 – Área de Protección (pax. 177)

Solicitamos a prohibición da plantación de especies forestais alóctonas nas superficies incluídas en Áreas de Protección.

Alegación 42

9.3.1. Ordenación do Territorio e Urbanismo

Zona 1

Usos e actividades autorizables (pax. 181)

Solicitamos a inclusión dun límite, ben sexa en relación coa superficie do espazo ou co tamaño do núcleo considerado, para o desenvolvemento urbanístico definido no punto 3.0. Do contrario pode supor unha porta aberta á urbanización incontrolada dentro de determinados espazos protexidos incluso nas zonas de máxima protección.

Alegación 43

9.3.1. Ordenación do Territorio e Urbanismo

Zona 1

Usos e actividades autorizables (pax. 181)

Rexeitamos a admisión de determinados proxectos ou infraestruturas, como por exemplo as definidas no punto 8.0, coa xustificación de atoparse contempladas no planeamento urbanístico ou outras normativas sectoriais, e incluso en zonas de máxima protección. Esta consideración é contraria ao concepto de prevalencia dos plans de xestión ambiental sobre outras normativas sectoriais prevista en múltiples disposicións legais autonómicas e estatais (Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Ley 42/2007 del Patrimonio Natural y la Biodiversidad). Estendemos este comentario ao resto de artigos de contido similar ao comentado.

Alegación 44

9.3.1. Ordenación do Territorio e Urbanismo

Zona 1

Usos e actividades autorizables (pax. 181)

Solicitamos a consideración de uso prohibido a instalación de establecementos de acuicultura en zonas clasificadas como áreas de conservación ou protección. Estas instalacións implican a execución de actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario, polo que a súa autorización sería incoherente cos propios contidos do Plan Director. Estas instalacións están en clara contradición coa protección da paisaxe definida, por exemplo, entre os obxectivos do apartado 9.2.6 Urbanismo e Ordenación Territorial. A autorización específica destas instalacións en particular e non de outras de similares características non está xustificada e supón incluso unha grave incoherencia co tratamento dado a outro tipo de proxectos

de elevado impacto paisaxístico, véxase por exemplo o expresado na directriz 3.0 9.2.7 Infraestruturas e obras.

Salientamos ademais que a súa localización (así como a de calquera outra infraestrutura similar) nas zonas de máxima protección implica a ocupación de superficies ocupadas por hábitats prioritarios (segundo a propia definición da Área de Protección) polo que segundo o artigo 6 da DC 92/43/CEE e a interpretación dada a este pola Unión Europea a súa instalación será moi dificilmente xustificable, por non tratarse dunha razón imperiosa de interese pública relacionada coa saúde humana ou a seguridade pública, e existindo outras alternativas de localización mediante o único emprego de criterios ambientais.

Alegación 45

9.3.2 Infraestruturas e obras

Usos e actividades autorizables (pax. 188)

Salientamos que a execución de proxectos nestes espazos unicamente poderá ser autorizable por razóns imperiosas de interese público, que serán de saúde pública ou seguridade nacional no caso de afectarse hábitats prioritarios, e tras unha avaliación na que se inclúa unha análise de alternativas con criterios exclusivamente de carácter ambiental.

Alegación 46

9.3.2 Infraestruturas e obras

Usos e actividades autorizables (pax. 188)

Solicitamos que os proxectos de repotenciación de parques eólicos definida no punto 7.0 só sexan autorizados cando non impliquen novas afeccións superficiais (asociadas a rede viaria, infraestruturas, etc).

Alegación 47

9.3.3 Uso público e actividades deportivas

Usos e actividades permitidos (pax. 189)

Solicitamos que se definan explicitamente a que actividades se refire o punto 1.1, e cales serán permitidas nas zonas de Área de Protección.

Alegación 48

9.3.3 Uso público e actividades deportivas

Usos e actividades permitidos (pax. 189)

Solicitamos a inclusión de criterios de capacidade de carga para a autorización das distintas formas de uso público, específicos para cada espazo e uso.

Alegación 49

9.3.3 Uso público e actividades deportivas

Usos e actividades permitidos (pax. 189)

Solicitamos a non autorización do emprego de aeronaves e aerodelismo, como mínimo nas ZEPA e aqueles LIC con presenza de especies de aves con interese para a conservación.

Alegación 50

9.3.3 Uso público e actividades deportivas

Usos e actividades permitidos (pax. 189)

Solicitamos a prohibición de todo tipo de competicións deportivas a motor, incluíndo as desenvoltas no medio mariño.

Alegación 51

9.3.3 Uso público e actividades deportivas

Usos e actividades permitidos (pax. 189)

Solicitamos a regulación da contaminación acústica asociada ás actividades de uso público, especialmente as organizadas.

Apartado 12. Desenvolvemento do Plan Director

Alegación 52

Entendemos que o Plan Director é positivo no seu conxunto como instrumento de planificación global e á hora de integrar a xestión dunha rede de espazos concibida, efectivamente, como unha rede coherente, global e con integridade propia.

Non entanto, consideramos que un Plan definido como "Director" non debe constituír o único elemento de planificación dunha rede tan ampla, e mais tendo en conta que, como se indicou en anteriores apartados, o Plan Director presentado adoece de falta de información detallada sobre os distintos LIC e ZEPA galegos. Non se identifican os usos e actividades tradicionais en cada un deles nin as degradacións e ameazas existentes. En moitos casos a información respecto aos valores naturais existentes é mellorable, fundamentalmente no relativo ás ZEPA ou LIC con comunidades avifaunísticas de interese, carentes dunha metodoloxía de análise adaptada ás súas particularidades.

Estas deficiencias en parte propiciadas pola escala de traballo empregada debido á propia natureza do Plan Director poden chegar a supor problemas de conservación en determinados lugares.

Por outra parte, débese ter en conta que a totalidade dos lugares Rede Natura galegos forman parte ademais da Rede Galega de Espazos Protexidos, segundo o disposto no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. Igualmente, moitos destes espazos están dotados ademais de outras figuras de protección (Parque Natural, Monumento Natural ou Humidal Protexido), con concepcións e obxectivos de conservación e en moitos casos ámbitos de protección distintos en cada caso.

Todos estes espazos requiren de Plans de Ordenación dos Recursos Naturais ou Plans de Conservación propios segundo o disposto no artigo 31 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. O cumprimento desta disposición mediante a única aprobación deste Plan Director é, canto menos, discutible.

Por todo isto **expresamos a necesidade de que o Plan Director se desenvolva a través de plans de ordenación específicos para lugares ou grupos de lugares**, contribuíndo así a dar un mellor cumprimento ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e na Lei 9/2001.

En consecuencia, solicitamos a modificación do primeiro parágrafo deste apartado:

*“O presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia **desenvolverase para os distintos espazos ou grupos de espazos** incluídos no seu ámbito territorial, a través da elaboración dunha serie de instrumentos específicos, elaborados en conformidade coa normativa comunitaria (DC 2009/147/CE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 7/2008) en materia de conservación do patrimonio natural, da biodiversidade e da paisaxe:”*

Dito apartado debería incluír un prazo de desenvolvemento dos plans específicos correspondentes, así como un prazo de redacción ou adaptación de plans para os espazos incorporados á rede en futuras ampliacións desta.

Apartado 13. Memoria económica do Plan Director

Consideramos a memoria económica moi somera e pouco detallada, botándose en falla un compromiso claro co investimento preciso para a conservación da Rede Natura 2000 en Galicia máis aló de estimacións tentativas en números redondos supeditados a dispoñibilidade económica de cada momento. Solicitamos as seguintes modificacións:

Alegación 53

Maior grao de detalle na definición das partidas, especialmente en relación con cada un dos espazos.

Alegación 54

Programación anual mais detallada, que debería ser feita pública ao comezo de cada exercicio, dentro dunha verdadeira planificación económica.

Alegación 55

Modificación do texto relativo á “dispoñibilidade económica de cada momento”, como mínimo mediante a inclusión dunha cantidade ou porcentaxe mínima de inversión obrigatoria en cada exercicio.

Alegación 56

Maior disgregación dos conceptos incluídos na táboa da memoria económica. Deberase considerar principalmente a separación dos conceptos de conservación da biodiversidade, protección da natureza e ordenación do uso público dos conceptos de formación, educación e sensibilización ambiental, agrupados dunha maneira ao noso entender pouco xustificada.

De igual maneira entre Inversións en erradicación de especies exóticas, restauración de hábitats por unha banda, e infraestruturas de uso público e sinalizacións pola outra.

En cada un dos casos (conceptos 3º e 4º da táboa) mistúranse actuacións de carácter puramente ambiental con outras de uso público, existindo o risco de que as inversións en conservación, protección, ou restauración rematen sendo absorbidas por inversións en uso público, difusión, sinalización, etc.

Período de participación pública

Alegación 57

A extensión material do documento sometido a exposición pública consta dun documento principal, 5 mapas e 7 anexos que suman unha cantidade aproximada de 3.000 páxinas e un elevado volume de información cartográfica, concedéndose un prazo de 30 días nos que deberon lerse, debatirse, propoñer e redactar alegacións para a súa toma en consideración pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Ademais, dende a Consellería de Medio Rural sometéronse a información pública diferentes documentos e plans (vg., Lei de Montes de Galicia, Catálogo Galego de Especies Ameazadas, Plans de Desenvolvemento Rural Sostible) coincidentes no tempo e de vital importancia para o desenvolvemento das políticas de conservación da natureza e dos recursos naturais, todos eles con abundante información e de gran extensión.

Segundo a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, para facer efectivos o dereito a un medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo, todos poderán exercer o “dereito a participar **DE MANEIRA EFECTIVA E REAL** na elaboración, modificación e revisión daqueles plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co medio ambiente”, e a “acceder **CON ANTELACIÓN SUFICIENTE** á información relevante relativa aos referidos plans, programas e disposicións de carácter xeral” (art. 3.3 I 27/2006).

Consideramos que dada a importancia do Plan Director e o escaso período de participación pública habilitado, estes dereitos foron incumplidos, vulnerándose o dereito a unha participación real e efectiva no procedemento de elaboración de plans de contido ambiental.

Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia

Consideramos que a actual delimitación da RN 2000 non asegura que se poida cumprir o definido como obxectivo número 2 deste Plan Director, dándose paradoxas como por exemplo o feito de que a principal poboación dunha especie considerada de interese para a conservación e catalogada como VULNERABLE como é o sisón *Tetrax tetrax*, situada na Veiga de Pumar (Terra Cha) atópase fora da Rede Natura 2000.

Solicitamos que se proceda á maior brevidade posible a unha ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, especialmente no referente ás ZEPA, baseada en criterios técnicos e científicos rigurosos e ata acadar polo menos a media de superficie estatal protexida pola Rede.

Conclusións

Unha vez revisado o documento exposto a participación pública, consideramos que o Plan Director da Rede Natura 2000 é positivo pero pouco ambicioso en conxunto. Limitase a perfilar cales deben ser os obxectivos de xestión da Rede en Galicia pero sen establecer unha planificación real e efectiva dos distintos espazos que a compoñen.

Consideramos como eivas fundamentais do documento as relacionadas cos seguintes aspectos:

- Elevado grado de incoherencia entre a zonificación e a valoración ambiental dos lugares, manifestándose un claro divorcio entre a valoración ambiental, baseada en criterios técnicos e científicos, e a zonificación, diverxente da anterior e baseada polo tanto noutro tipo de decisións.

Esta diverxencia maniféstase na existencia de mais de 27.000 ha dotadas dun valor ambiental moi alto pero non incluídas na categoría de máxima protección, en clara contradición cos propios criterios e metodoloxía definidos no Plan Director.

- Ausencia de adaptación do Plan Director ás características dos LIC e ZEPA, realizándose unha análise global e pouco detallada. Maniféstase principalmente na moi somera e difusa definición de usos e actividades permitidos nos distintos espazos en función das súas tipoloxías. Neste contexto, solicitamos a redacción de plans de conservación específicos para os distintos lugares ou grupos de lugares.
- Ausencia dunha metodoloxía de avaliación, planificación e xestión específica para as ZEPA (extensible aos LIC con presenza de comunidades avifaunísticas de interese para a conservación), cunhas características e obxectivos de conservación claramente diferenciados dos LIC.
- Autorización de proxectos cun elevado impacto ambiental e paisaxístico como é o caso das instalacións de plantas acuícolas ou diversas infraestruturas e obras incluso nas zonas de maior valor ambiental e incluso existindo outras alternativas con menor impacto ambiental.
- Carencia de compromiso en investimentos que permitan desenvolver as directrices e medidas incluídas no Plan Director.

Confiando na toma en consideración das nosas aportacións, envíolle un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

Sergio París Gómez
Secretario da SGO

APÉNDICE

EXEMPLOS DE DIVERXENCIAS ENTRE VALORACIÓN AMBIENTAL E ZONIFICACIÓN

Como exemplos de áreas con criterios de valoración máxima (unidades con valor de conservación moi alto) e polo contrario logo incluídas cunha zonificación de tipo “Area de Conservación” e non de “Area de protección” destacamos os seguintes exemplos mais destacados nos que a SGO solicita a súa reconsideración polos valores propiamente reseñados e que confirmamos dende o punto de vista ornitolóxico.

Salientamos que esta solicitude non se refire unicamente aos espazos a continuación presentados a modo de exemplo, senón a totalidade da Rede, na que existe unha serie de diverxencias moi notorias entre valor de conservación e zonificación (nun total de mais de 27.000 ha)

Solicitamos igualmente a planificación dunha zonificación real na totalidade dos espazos protexidos.

No caso concreto das ZEPA, solicitamos igualmente a modificación da metodoloxía de valoración ambiental, baseada en modelos de valoración de hábitats que non teñen en conta as particularidades das ZEPA e das comunidades de aves presentes, como se evidencia nalgúns dos exemplos presentados a continuación.

ZEPA BAIXA-LIMIA SERRA DO XURES

Áreas de valoración ambiental moi alta non definidas como Áreas de Protección:

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 1:

Area e entorno do Alto da Penagache

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 3:

Area e entorno de Olelas (dando continuidade co río Pereira/Olelas e non cortando abruptamente a Zona de protección si considerada do entorno do Mte. Quinxo)

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 5:

Area de serra dos pobos de Requias e Guntimil (para dar continuidade coa Zona de protección o longo de toda a raia fronteiriza e cortada abruptamente no entorno mais próximo de ambas vilas a pesar da continuidade amosada na valoración de conservación moi alta)

ZEPA PENA TREVINCA

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 2:

Pequena illa de Zona 2 na Veiga de Espiñeira preto do pobo de Seoane. Neste caso outórgase valor de conservación baixo e se zonifica como zona 2 de Area de conservación, esta pequena

zona que coincide cunha explotación gandeira de montaña que ben pode ter un uso compatible coa conservación, pero situada nunha zona de cría de *Aquila chrysaetos* que cremos debe por tanto estar baixo máximo valor de conservación e integrarse por completo na area de protección circundante sinalada.

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 4:

Sur da ZEPA, area e entorno os pobos de Cepedelo, Castiñeira e Sever. Entendemos que seguindo os criterios de valor de conservación moi alto todo a zona Sur da ZEPA interrómtese e deixase fora sen razón da Area de protección proposta.

ZEPA A LIMIA

En xeral cremos deberían revisarse os criterios de valor de conservación asignados, toda vez que a maior parte da area ZEPA (especialmente mapas 2 e 3) asígnaselle un valor de conservación medio e moi baixo o cal choca bastante cos valores ornitolóxicos da area (*Vanellus vanellus*, *Burhinus oecdinemus*, *Tetrax tetrax*, *Circus cyaneus* e *pygargus*) polo que foi mesmamente designada coma ZEPA.

Como exemplo nas valorizacións asignadas cremos deben revisarse os valores acadados na táboa de “Valor do lugar para a conservación de especies, V2b” en especies como *Anas crecca* e *Gallinago gallinago* que non totalizan correctamente os valores indicados, e especies como *Vanellus vanellus* tal vez merezan unha revisión dos valores indicados.

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 1:

Entorno do río Limia e Veiga de Ponteliñares

Todas as areas acotadas con valor de conservación moi alto no entorno do río Limia, trala conexión co canal de Antela, e en particular na area das Veigas de Ponteliñares teñen un nulo recoñecemento como areas de protección na zonificación proposta, uniformemente proposta como Area de Conservación.

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 2 e 3:

Zonas de maior valor de conservación, na imperante valorización media e baixa destas areas, non teñen ningunha repercusión como area de protección na zonificación proposta.

ZEPA ENCIÑA DA LASTRA

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 2:

Entorno de Cobas e Pena Falcoeira:

A área indicada, especialmente á emblemática Pena Falcoeira, uns dos núcleos de maior importancia na ZEPA e Parque Natural, amosa unha valoración de conservación alta, que incluso chama algo a atención non sexa moi alta (como si acadan outras zonas de montaña no Macizo central ou Pena Trevinca), dada a presenza e nidificación de especies únicas en Galicia, como *Aquila chrysaetos*, *Neophron percnopterus*, *Bubo bubo*, *Falco peregrinus*, *Pyrhocorax pyrrhocorax*, e pola contra na zonificación proposta se lle relega a unha importante franxa no medio da Pena Falcoeira cunha increíble descatalogación como Area de protección perdendo a uniformidade precisa para esta área segundo se lle recoñece no propio Plan. Isto aplicaríase á área en conxunto o redor do pobo de Covas, o núcleo central do Parque Natural o que se lle relega da máxima figura de protección na zonificación proposta. É urxente e de obrigado recoñecemento a corrección desta zonificación.

LIC MACIZO CENTRAL

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 2

Entorno mais próximo o alto de Cabeza Grande de Manzaneda.

O entorno mais próximo do Alta de Cabeza de Manzaneda, indicado con valor de conservación moi alto, e onde se ubican as escasas referencias publicadas de cría de *Luscinia svecica* en Galicia, mostra no mapa de Zonificación ó Norte unha cuña excluínte na Area de protección proposta que debería facerse corresponder o mais exacta e detalladamente posible coa unidade da área de valor de conservación moi alto indicada previamente. Corresponde cos piornais presentes na zona de maior altitude entorno o cumio, especialmente cara o W, hábitat da especie mencionada, e onde a actividade da estación de inverno ubicada debería estar en detalle acotada para evitar a alteración destes hábitats prioritarios.

- Mapa de Valoración/Zonificación Nº 6:

Area ó Norte do pobo de Camba ó W dos límites do PN do Invernadeiro

Área o W dos lindes do PN do Invernadeiro, e ao N do pobo de Camba cunha continuidade en canto valores de conservación moi altos e zonificación proposta como Area de Conservación que comparativamente debería asignarse a Area de Protección.

LIC COSTA DE DEXO

O 100% do LIC é considerado como Área de Conservación, a pesar de que á práctica totalidade da franxa costeira se lle outorga un valor ambiental Moi Alto.

Solicitamos a consideración de Área de Protección da fachada costeira definida con este valor ambiental Moi Alto definido en relación cos hábitats presentes. Ademais, parte da franxa costeira

así definida alberga colonias de aves mariñas e rupícolas non tidas en conta na metodoloxía de valoración ambiental. Estas colonias, con presenza de especies de interese para a conservación como *Phalacrocorax aristotelis*, *Apus melba*, *Phyrrocorax phyrrocorax*, *Falco peregrinus*, *Falco tinnunculus* ou *Hydrobates pelagicus* deberían ser consideradas en todo caso como Áreas de Protección, nomeadamente a Enseada de Fontenla, tramo costeiro entre Punta Purrido e Punta Torrella e as illas e illotes próximos á costa.